


ACTIVIDADES SEMANA 25 DE MAIO

Bo día familias!

Aquí as propostas para esta derradeira semana de Maio:

- ♥ Traballamos a letra protagonista desta semana, que será a: **R**. Xogamos a **“Na procura da “r” perdida”**: en xornais, revistas... que teñades na casa buscade palabras que conteñan a letra “r”, pero que non aparezan dúas xuntas (xa que a RR corresponde o seguinte vídeo que aínda non vimos) Logo podedes clasificalas segundo comecen por “r”, ou teñan o “r” no medio da palabra e observade como cambia o son: a principio sona forte e no medio de dúas vogais soa suaveciño. Tamén pódese facer unha clasificación segundo conteñan “ra”, “re”, “ri”, “ro” ou “ru”. o **Debuxo**: propóñovos un reto: facer un debuxo que estea composto por cousas que leven r: río, mariposa, rosa...
- ♥ **“A río revoltó”**: trátase dun xogo no que mami e/ou papi, escriben diferentes palabras e métense nun recipiente, bolsa..., logo un membro da familia escolle unha letra ao azar, trátase de remover todos os papeis e buscar unha verba que teña esa letra e facer o seu debuxo.
- ♥ Creamos palabras secretas que comecen pola letra **R**, a ver se adiviñades as seguintes:



Resolvede e facede debuxo. Create as vosas!

♥ Para repasar a letra desta semana:

http://www.chiscos.net/repolim/lim/letra_r/letra_r.html

♥ **Adiviña que país...** seguimos coñecendo outros países do mundo. Aquí as pistas:

- É un país que está moi preto de España.
- Está separado de España por unhas montañas que se chaman Pirineos.
- Teñen unhas barras de pan chamadas “baguette”
- Na súa capital hai unha torre de ferro moi alta! Mide 300 metros.

Máis abaixo déixovos unha imaxe da torre Eiffel, que deberán cortar en 6 trozos e volver a compoñer a imaxe, coma se fose un quebracabezas.

Ademáis, dun mapa deste país onde derberán escribir o nome e debuxar o máis significativo. Para aprender un pouco máis:

<https://www.youtube.com/watch?v=fJJX26gmv1Y&feature=youtu.be>

♥ Serás quen de ordenar as seguintes letras para formar o nome deste país?:



AFR NA IC

- ♥ Algúns recursos interactivos:

<https://www.liveworksheets.com/myworkbooks/preview.asp?workbookid=254689&clave=6g54q3nk>

- ♥ Máis abaixo déixovos unha plantilla de sumas que os peques deberán cubrir tirando un dado. Tirarán o dado dúas veces, anotarán o número que lle saiu e por último deberán sumalos.


- ♥ Aquí a proposta de conto para esta semana:


<https://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=311fe17bb451> recordade!

Primeiro que resolvan o quebracabezas.

<https://www.youtube.com/watch?v=2CmLNSrO3g4>

BUSCA AO INTRUSO





SUMAS



